



A APDR RESPOSTA AO “CONSEJERO DELEGADO” DE ENCE

As declaracións realizadas hai uns días por Ignacio Colmenares, “consejero delegado” de ENCE, nas que insiste na súa negativa a abandonar o seu actual emprazamento, son un exemplo da prepotencia dunha empresa que está afeita a facer canto lle ven en gana, e merecen unha rápida resposta por parte da Administración, que debe deixar claro que de ningún xeito ENCE poderá permanecer en Lourizán máis alá do ano 2018.

Pero estas declaracións non son nada novo; son parte dunha estratexia empresarial que fai un aproveitamento inmoral da crise chantaxeando á poboación e botándolle un pulso á administración. Desafía o Sr. Colmenares á administración cando di que “a administración terá que dicirlles que se vaian” de Lourizán, como se descoñecera que esa obriga ven regulada por lei, e que tanto desde o goberno central como desde a Xunta de Galicia vense reiterando que ENCE deberá abandonar a Ría no prazo fixado pola Lei de Costas.

E pretende o Sr. Colmenares facernos crer que estamos diante dunha fábrica modélica, un “referente a nivel mundial”, cando a realidade é que se en algo é referente mundial ENCE é por ser a única fábrica de pasta de papel condenada pola comisión dun delicto ecolóxico continuado, por ter roubado as praias urbanas de Pontevedra e o mellor dos bancos marisqueiros aos seus verdadeiros donos, por ter estragado o medio ambiente, os recursos naturais, a calidade de vida e a saúde da cidadanía e mesmo por ter impedido o desenvolvemento económico sustentábel no tempo e a creación de postos de traballo de calidade na comarca pontevedresa. No que si estamos de acordo co Sr. Colmenares é na súa afirmación de que a alternativa á saída de Lourizán é o peche, un peche polo que vimos loitando desde hai moito tempo na APDR. Un peche para o que, contrariamente ao que pensa o Sr. Colmenares, hai razóns abondo; e non se trata só dos repugnantes cheiros que, por certo, seguen sendo incapaces de eliminar e que se fixeron patentes de forma teimuda en canto rematou a parada técnica. Hai razóns de tipo legal (incumpren boa parte da lexislación de aplicación á empresa), ambiental, económico e social, pero sobre todo hai unha razón de peso que se foi ganando ENCE ao longo dos anos coa súa práctica diaria, coas súas mentiras e coas súas promesas incumpridas: a práctica totalidade da poboación da comarca (incluídas todas as forzas políticas e moitas forzas sindicais) é contraria á presenza de ENCE na nosa Ría. E esta razón non van ser quen de mudala por máis que boten man de estómagos agradecidos e da chantaxe á poboación cos falsos datos de creación de postos de traballo en tempos de crise.

Así as cousas, agardamos da Administración autonómica e do goberno central que dean unha resposta clara e definitiva ás inaceptábeis declaracións do “consejero delegado” de ENCE; que poñan a cada quen no seu sitio e que, fronte a este novo pulso da empresa, manteñan unha posición firme na defensa dos intereses sociais esixindo o cumprimento da lexislación vixente. En definitiva, que lle deixen claro dunha vez por todas que non van seguir en Lourizán mais alá do 2018.

Pontevedra, 25 de marzo de 2012

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR.